

O FANZINE DAS XORNADAS

Revista das XXI Xornadas de BD de Ourense



Capas: Hugo e Sergio Covelo

Páxina 3: BD: *Gran Circo Capuleto*,
por Hugo e Sergio Covelo
Hugo Covelo:
<http://hugocovelo.blogspot.com>
Sergio Covelo:
<http://covelow.blogspot.com>

Páxina 9: Editorial

Páxina 10: Artigo: *As Xornadas de 2009*

Páxina 12: BD: *Decorado*,
por Alberto Vázquez
Alberto Vázquez:
<http://www.alberto-vazquez.blogspot.com>

Páxina 14: Artigo: *Fanzine Enfermo*,
por Roberto X. Noya

Páxina 16: Artigo: *Miguel Brieva*,
por Arturo Losada Ballester

Páxina 18: BD: *Boa persoa*, por Cosme
Cosme: cosmede@yahoo.es

Páxina 24: Artigo: *Juanjo Sáez. Azoute da modernidade?*,
por Claudia Neira

Páxina 26: BD, por Carlos Arrojo
Carlos Arrojo: <http://arrojocarlos.blogspot.com>

Páxina 27: BD: *Aventuras dun oficinista xaponés*, por José Domingo
José Domingo: <http://jose-d.blogspot.com>

Páxina 32: Artigo: *Premio Ourense de BD – El Patito Editorial*

Páxina 33: Artigo: *O cartel das Xornadas – Martín Romero*



© Hugo Covelo / Sergio Covelo

AS CAPAS OS COVELO

É completamente inxusto para eles que sempre falemos dos **Covelo** en plural e non separemos a **Hugo** de **Sergio**, pero é difícil non caer na tentación ao darse o estraño caso de seren irmáns xemelgos e debuxantes de banda deseñada. Esperemos que nos perdoen o mal costume. **Sergio e Hugo Covelo** (Vigo, 1976) licenciáronse en Belas Artes pola Facultade de Pontevedra e comezaron as súas carreiras no cómic colaborando en fanzines como *Chámalle X*, *Comikaze*, *Cabezabajo* ou este mesmo, até converténdose en pares fundamentais do colectivo **Polaqia** e autores habituais nas páxinas da súa revista *Barsowia*. Varias historias que publicaron nesta con guión de **Kike Benlloch** foron compiladas no álbum *Capital* (Edicions de Ponent), e outro bo feixe inclúese na escolma *Barsowia en llamas* (Dolmen). Aínda que poida parecer o contrario, non adoitan traballar xuntos, e para este número fixeron a primeira excepción

en anos, pois non eramos quen de escoller un antes que outro para ilustrarnos as capas. Un interesante experimento a catro mans —case propio do Lab·Ou—, que amosa que o que mellor lles sae a este par de artistas xuntos-pero-non-revoltos son as BD humorísticas.

Este número d'*O Fanzine* non tería sido posíbel sen a colaboración desinteresada de: **Kike Benlloch • Hugo Carlos Arrojo • Hugo Covelo • Sergio Covelo • Arturo Losada Ballester • José Domingo • Cosme Fernández • Claudia Neira • Roberto X. Noya • Martín Romero • Alberto Vázquez.**

Todos os cómics, ilustracións e textos publicados nesta revista son propiedade, e **copyright** dos seus respectivos autores/as ou editores/as ou editores/as, e reproducense co seu permiso ou como simple referencia do texto. Para posteriores reproducións, contáctese directamente con cada un deles.

«Gran Circo Capuleto»
Guión e debuxos:
Hugo e Sergio Covelo
© 2009 Hugo Covelo / Sergio Covelo

O Fanzine das Xornadas, nº 16.

Publicación oficial das **XXI Xornadas de Banda Deseñada de Ourense**. Outubro de 2009.

Coordnación: Óscar Iglesias, Henrique Torreiro.

Edita: Colectivo Phanzynex, Rúa Manuel Murguía 15-5ºD, E-32005 Ourense (Galicia, Spain)

Fax (+34) 988 249930 • Correo electrónico: casa@casaxou.com, lab.ou.info@gmail.com

Internet: www.casaxou.com/bd, www.labou.blogspot.com

Deseño: Xosé Lois Vázquez & N. C., SC • Fotomecánica e impresión: RODI Artes Gráficas, Ourense.

Depósito legal: OUR-183/97

Co patrocinio de: Casa da Xuventude de Ourense • Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Concellaría de Cultura do Concello de Ourense



COLECTIVO
PHANZYNE
X
OURENSE



XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE
E VOLUNTARIADO



CONCELLO DE OURENSE
CONCELLERÍA DE CULTURA

★ GR N ★
CIRCO CAPULETO

ELEFANTES,
 SERPES, CLOWNS
 BORRACHOS E
 MALABARISTAS

TAMOS TIBURONS
 ANANOS



...E OS NOSOS
 LOITADORES APOUCADOS



**NENAS E
 NENOS!!!**
 BENVIDOS Ó CIRCO
 CAPULETO, ONDE REINA
 A FELICIDADE!!!! (PFFF...!)
 EU GIOVANNI CAPULETO
 DOUVOS A BENVIDA DE
 PARTE DA NOSA
 FAMILIA

ADMIREN
 OS LEMMINGS
 TRAPECISTAS...



PERO ISTO NON É
 TODO SEÑORES...

CXA PODES KIR PEDAZO DE FALÁN
 OU ESPÓLOTE VIVIR OICHESPFF?
 AINDA HAI MÁIS...!!!

TAMOS CANS
 HERMAFRODITAS,
 MULLERES
 BARBUAS...

MAMA...
 TIÑAS RAZÓN,
 DEBIN FACERME
 AVOGADO.



DENDE RAJASTÁN, O MELLOR, O MAGNÍFICO...

RAGUSINGH

TATUADO ATA O
CÚ DENDE OS
10 ANOS!!!!

DURME EN CAMAS
DE ESPÍÑOS!!!!

BÁÑASE CON LUME!!!

XOGA CON COBRAS!!!

ALMORZA COITELOS!!!

E AINDA ANDA SORRINDO O MOI PARVO!!!

AS FERAS!

ASISTA AO ESPECTÁCULO DE VER A TIGRES E LEÓNS
CONVIVINDO XUNTOS NA MESMA GAIOLA!!



FAUSTO

NEN SEQUERA A SÚA ALCOLEMIA IMPEDIRÁ AO GRAN MAGO FAUSTO ASOMBRARNOS CO SEU TALENTO!! HOXE CO SEU ESPECTÁCULO CON CAIXAS!! ATRÉVASE A MÉTERSE NA CAIXA DO MAGO FAUSTO!!



LOITOU CONTRA OS SIOUX,
CONTRA OS CHEYENNES,
OS ARAPAHÖES, OS
APACHES, OS COMANCHES,
OS CREEK, OS SEMINOLAS....
E VOLTOU PARA CONTALO
HOXE O SEU INIMIGO CHAMASE...
PARKINSON, ALZHEIMER E
PROSTATA...PERO AINDA TEN
O SEU VELLO COLT 45!!!
CON 128 ANOS VOLVE O REVOLVER
MÁIS RÁPIDO DE NOVO MÉXICO

“BILLY JOE BULLSHIT” PEACKOCK

ACOMPÑADO PARA A OCASIÓN
POLO SEU AMIGO O XEFE SIOUX

CARA DE POLO TATANKA

DONO DE SEIS CASINOS, CATRO HOTELES
E MEDIO ESTADO DE NEVADA!!!!

ANULADO

POR DEFUNCIÓN

...AINDA
CHE SON
RÁPIDO!!



BRUNNO!

O LANZACOITELOS DEFINITIVO! INFALIBLE!! ATRÉVASE A DESAFIALO!!



SON O NAMBERGÜAN!

ANULADO

DESDE AS SELVAS DE BORNEO,
DESDE OS MANGLARES DE
INDOCHINA, DESDE A RIBEIRA
DO ÍNDICO...
A MULLER SEN MEDO...

A FABULOSA AGATHA!!

E O SEU CÉLEBRE


CIRCO DE REPTÍIS

SERPES, CAIMÁNS, COCRODILOS,
CANCODRILOS E DIRECTORES
DE BANCO...

ESTA NOITE:

ÁGATHA LOITARÁ CON...

2 TERRIBLES BOAS



GROWL!! ANULADO

BEN,
IMOS ALÓ,
RAPAZAS!!

VAIA!
FÁLTAME FIFI!
NON PODO SAIR
SEN FIFI

A VER
SE A ATOPADES
POR AÍ, VA?
FIFI! ONDE ESTÁS,
BONITIÑA?

FIFI,
GUAPA!

MIMÁ!

A... A BICHA!

DETRÁS DUN GRAN HOME SEMPRE CHE HAI UNHA GRAN MULLER...

ANULADO
POR VODA



A SABIDURÍA
POPULAR NUNCA FALLA,
E SE NON QUE LLO
DIGAN Ó NOSO QUERIDO
COMPAÑEIRO, O INVENCIBLE


OLAF
O CALVO MÁIS FORTE
DO MUNDO

PORQUE HOXE
PRESENTAMOS EN
PRIMICIA MUNDIAL
Á SÚA MOZA, A FERMOZA,
A MARAVILLOSA

OLALLA
A CANAREIRA
MÁIS FORTE DO MUNDO

E ESTA NOITE A DERRADEIRA ACTUACIÓN DO NOSO GRAN DOMADOR

O GRANDE ELOI!!!



DESPOIS DE 20 ANOS, AS SÚAS FERAS ORGANIZARANLLE UNHA CEA
FINAL DE HOMENAXE. BONITO, DETALLE, VA QUE SI???

A SEMANA QUE VEN, GRAN DEBUT... **O PEQUENO ELOI!!!**

BUENO...
EEEH... GRAZAS POR
VISITAR O NOSO REINO DE SOÑOS.
O CIRCO CAPULETTO AGARDA QUE
VOLVAN PRONTO. NON ESQUEZAN
TRAER OS NENOS. HE, HE, HE...
ATA SEMPRE!!

QUERO
UN TRABALLO
DE VERDADE

LEVÁDEME
CON VÓS!!

QUERO
DIGNIDADE

NON QUERO
MORRER ACO

SACÁDEME
DE AQUI!!



- EDITORIAL -

Que no que a novena arte se refire as cousas teñen cambiado moito entre 1989 —ano da primeira edición das **Xornadas de Banda Deseñada de Ourense**— e 2009 queda claro ao repararmos en que este ano o **Premio Ourense** vai destinado a salientar a existencia dunha editora galega especializada en cómic, **El Patito**. Até agora a esperanza era simplemente que as editoriais de libro xeral publicasen tamén banda deseñada —algunhas xa o comezaron a facer, e non perdemos a confianza en que haxa máis que se decidan—, pero que exista xa un oco no mercado que permita a subsistencia dunha especializada fala dun avance autenticamente salientábel no panorama. Por se fose pouco, tamén cumpre dous anos de andaina **Retranca**, unha revista mensual de humor, galega e en galego, moi centrada no gráfico e na BD. Ao mesmo tempo, paulatinamente van profesionalizándose as iniciativas independentes —aí están as experiencias de **BD Banda**, **Polaqia** e **Cerditos de Guinea Cómics**—. O máis importante, o factor humano, o dos autores e autoras, non para de dar boas noticias; mesmo aínda que sexa traballando para editores foráneos ou con argumentos alleos, a posibilidade real de creación de historias feitas desde a perspectiva galega é xa moito maior que no audiovisual, por exemplo.

A pesar da crise económica —da que non se libra ningún sector, e menos este—, semella que a atención por parte dos poderes públicos para promover e difundir o cómic en Galicia non vai desaparecer, e as anunciadas bolsas de creación por parte da Consellería de Cultura así parecen confirmalo. Non nos cansaremos de dicir que non é que chegásemos á situación idónea e non haxa que pedir unha aínda mellor, mais si que hai que recoñecer que, co traballo de todos (autores, promotores culturais, institucións e empresas), deu unha viraxe inimaxinábel hai poucos anos. Paseníamente cada un dos intervinientes no proceso de pór en circulación unha BD vai aprendendo máis do seu papel: os autores, do proceso creativo en si, coa técnica e a intuición necesarias; os editores e os axentes (hoxe por hoxe, en xeral, a mesma cousa), da creatividade para venderen eses proxectos dentro e tamén fóra de Galicia —en moitos casos é só unha cuestión de fe no produto, pero indubidablemente require esforzo e investimento— e conseguiren así que a remuneración dos autores poida ser algo máis que testemu-

nal; os distribuidores, comerciais e libeiros, dos pormenores dun tipo de libros que en moitos sentidos son un produto novo para eles; do mesmo xeito, os promotores culturais de toda clase, desde organizadores de actividades relacionadas coa BD até os bibliotecarios, van perfeccionando o tipo de propostas que ofrecen na busca de todo ese público que aínda non coñece a novena arte e o seu infinito mundo de posibilidades. Aínda no caso de ser inicialmente obra dun só autor, unha BD é, ao final, un traballo en equipo, e todos os membros do equipo deben desempeñar o seu labor.



Viñeta de Martín Romero en Argh! n.º 3

Quédanos esperar con optimismo —o que non significa con pasividade, obviamente— que cheguen a cristalizar unha boa parte dos proxectos que, con impresionante velocidade, van xurdindo, madurando e enriquecéndose con novas ideas e experiencias día tras día nas mentes dos nosos artistas. Non sabemos, non poderíamos saber, a cantidade deses álbums en potencia que dormen **o sono dos xustos** dentro dun portafolios esquecido, precisamente porque no seu momento non se daban as circunstancias adecuadas para seren desenvolvidos e publicados. Agora danse xa algunhas desas condicións, e quen tivo oportunidade de se mergullar nos cadernos de bosquejos dos autores e autoras galegos sabe que de aí poden saír cousas realmente emocionantes.

Polo que respecta a este número 16 d'**O Fanzine**, digamos que procura, como é habitual, servir de tarxeta de presentación do ofrecido pola presente edición das **Xornadas** ourensás, como guía dos contidos de exposicións, presentacións e demais actividades. Para tal fin, inclúe colaboracións escritas dos sempre lúcidos articulistas **Claudia Neira**, **Arturo Losada Ballester** e **Roberto X. Noya**, e vai adubado con páxinas de banda deseñada galega de calidade excepcional asinadas por **Sergio e Hugo Covelo**, **Alberto Vázquez**, **Cosme**, **Carlos Arrojo**, **José Domingo** e **Martín Romero**, o flamante autor do cartel desta edición. Convidamos os lectores e lectoras a visitar os sitios web correspondentes a todos eles, se queren facerse unha pequena idea da sensación efervescente que produce unha ollada aos seus cadernos de debuxos e proxectos.

as xornadas

As vixésimo primeiras Xornadas de Banda Deseñada de Ourense traen novamente á cidade exposicións e un bo número de propostas creativas relacionadas cos cómics.

Entre os convidados con exposición deste ano está **Miguel Brieua** (Sevilla, 1974), artista cuxo estilo de crítica mordaz contra o sistema se reflicte en obras como *Dinero*, *Enciclopedia Clismon* ou *El otro mundo*. Parte desas páxinas e das súas colaboracións en medios como *El Jueves*, *La Vanguardia*, *El País*, *Rolling Stone* ou *Mondo Bruto* aparecen nesta mostra titulada «*Sobras maestras*», que organizan o colectivo Red de Cómics e Cajasol. Non menos coñecido é **Juanjo Sáez** (Barcelona, 1972), autor dos libros *Vivendo del cuento* e *El Arte, conversaciones imaginarias con mi madre*, e máis recentemente do libreto que acompaña o último disco do grupo **Los Planetas**, *Principios Básicos de Astronomía*. Na súa exposición fai tamén un repaso á súa traxectoria como autor de BD, publicista e ilustrador. De ambos os autores fálase máis polo miúdo en artigos neste mesmo número.



Viñetas de Brais Rodríguez incluídas na exposición do Certame Injuve de Cómics e Ilustración 2008.

Cuaderno de tormentas, o penúltimo libro do ourensán **David Rubín** (xa está nas tendas a súa adaptación de *El monte de las ánimas*, de **Bécquer**), é protagonista dunha mostra de orixinais. A presenza autóctona non acaba aí, porque varios autores galegos están incluídos nas mostras colectivas do *Fanzine Enfermo* e do *Certamen de Cómics e Ilustración Injuve 2008*. A primeira reúne obra dunha vintena de debuxantes españois e foráneos que se deron cita na revista homónima, unha publicación independente de oito números (publicados entre 2003 e 2007) que gañou en 2008 o premio ao mellor fanzine no *Saló del Cómics de Barcelona*, e que este ano foi recompilada nun volume integral (*Enfermo*) por Astiberri Ediciones. O volume e a exposición inclúen traballos de **Alberto Vázquez**, **Félix Díaz**, **Jorge Parras**, **Lola Lorente**, **Brais**, **Luci Gutiérrez**, **Pau Masiques**, **Iván Brunetti**, **Carlos Maiques**, **Fermin Solís**, **Jano**,

David Rubín, **Clara-Tanit**, **Miguel Porto**, **Sascha Hommer** e **Martín Romero**, entre outros. Para esta ocasión, prepararon unha mostra especial cunha reportaxe en vídeo, sobre o proceso de creación do fanzine, e debuxos realizados sobre as propias paredes da sala.

A exposición do **Injuve**, pola súa parte, conta con obra de autores como **Alejandro Antoraz**, **Rayco Pulido**, **Brais Rodríguez**, **Raúl Ariño**, **Martín López Lam**, **Igor Fernández**, **Germar & Jodoca (Study H.)** e **Jorge Parras**, na modalidade de cómic, e **Carlos Arrojo**, **Kika Hernández**, **JM Ken Niimura**, **Raquel Aparicio**, **Gina Marie Thorstensen**, **Marta Antelo**, **Mar Hernández** e **Pepón Meneses** na de ilustración.

BD feminina

A presenza portuguesa este ano vén dunha iniciativa disposta a amosar o traballo das autoras de banda deseñada do país veciño. *All-Girlzine*, así como as revistas *All-Girlz Galore* e *All-Girlz Banzai*, compoñen o proxecto *All-Girlz*, coordinado por **Daniel Maia**. Búscase con el presentar e promover novas ilustradoras e guionistas portuguesas de banda deseñada: as publicacións compoñense única e exclusivamente de traballos femininos. Dese xeito, a exposición trae



Ilustración de Ana Freitas para a capa do n.º 1 de All-Girlzine.

de 2009

Toda a información a respecto das actividades das XXI Xornadas, no programa de man, gratuito, ou na web www.casaxou.com/bd

algunhas das autoras dos fanzines referidos, ao mesmo tempo un magnífico mostrario do que está a deparar a nova BD portuguesa: **Rosa Baptista, Ana Biscaia, Inês Casais, Claudia Dias, Ana Freitas, Joana Lafuente, Sara Mena Gomes, Marta Monteiro, Susa Monteiro, Sonia Oliveira, Joana Pereira, Selma Pimentel, Carla Pott, Andreia Rechená, Joana Sobral e Kati Zambito.**

Por outra parte, as exposicións organizadas para o stand oficial de Galicia como comunidade convidada do Saló del Còmic de Barcelona o pasado mes de maio expóñense por vez primeira fóra dese marco. As mostras son «**Viñetas descubertas. Certames galegos 2000-2008**» —que recolle páxinas de **Marcos Calo, Mariano Casas, Cosme, Jacobo Fernández, Jano, Juan Luis Pérez, Martín Romero, David Rubín e Antonio Seijas**— e «**Miña terra galega**», composta por historias creadas para a ocasión por **Diego Blanco, Manel Cráneo, José Domingo, Alberto Guitián, Emma Ríos, Kiko da Silva, Iván Suárez e Alberto Vázquez.** Na primeira, os autores gañadores dos primeiros premios dos concursos convocados nos últimos anos pola Dirección Xeral de Xuventude (cos nomes de Imaxe Artística, Na Vanguarda ou GZcrea) e pola Deputación da Coruña (o Premio Castelao) foron convidados a seleccionar catro das páxinas realizadas nestes anos, aquelas que considerasen que máis os definen como creadores. Na segunda, pediuse aos artistas que realizasen unha historia de cinco pranchas baixo o tema dos tópicos —con ou sen base real— que atinxen a Galicia e aos galegos, tales como a chuvia, a emigración, o marisco ou a paisaxe.

Alén das exposicións

O filme de animación **Vals con Bashir** (Israel/Francia/Alemaña, 2008), dirixido por **Ari Folman**, serve, dado que o proxecto conta tamén cunha versión en cómic, asinada polo realizador e mais polo director artístico do filme, **David Polonsky** —en España editouna Salamandra—, para ache-



Fotograma de Vals con Bashir, dirixida por Ari Folman.

gar un novo exemplo de relación entre a sétima e a novena arte, base da sección «**Cinema e BD**». A película, que foi presentada no festival de Cannes e premiada no de Xixón, obtivo ademais o Globo de Ouro ao mellor filme de fala non inglesa e foi nomeado ao Oscar nesa mesma categoría. Constitúe, por se fose pouco, un tipo inusual de achegamento do filmico á realidade, xa que ilustra con animación as lembranzas de varios participantes na primeira guerra co Líbano, explorando ese límite tan incerto existente entre o cinema de ficción e o documental.

Boa parte dos autores presentes nas exposicións están tamén en persoa en Ourense, coincidindo coas actividades abertas ao público, na primeira fin de semana das **Xornadas**. Así, **Raquel Aparicio**, unha das premiadas polo **Injuve**, presenta o fanzine **Cosmos**, en que tamén participan **Paco Alcázar, Jorge Parras, Sae e Lala; Alberto Vázquez** e varios outros dos que interviñeron no **Fanzine Enfermo** presentan tamén o volume recopilatorio; e **Juanjo Sáez, Miguel Brieva e David Rubín** falan das súas respectivas visións como creadores. Tamén se desenvolve con todos eles, e con toda aquela persoa que se queira achegar, un novo exercicio creativo do **Lab·Ou** (Laboratorio Galego de BD Experimental). Todo isto, aderezado, como é habitual, coa entrega do **Premio Ourense** (neste caso a **El Patito Editorial**, polo seu labor especializado na publicación de BD) e mais os do Certame **GZcrea 2009** de Banda Deseñada, que se produce no acto de apertura desta nova edición da **Festa Galega do Còmic**.





© FIN

AUTOPSIA DE 'ENFERMO'

(antes coñecido como 'Fanzine Enfermo')

ROBERTO X. NOYA

Exame externo

• **Signos de identificación:** o **Fanzine Enfermo** aparenta no momento da análise unha idade algo superior de catro anos, pero observamos signos de un crecemento non homoxéneo, sobre todo na parte final e na aparencia externa. Observamos, tamén, unha evidente dualidade sexual; pese ó predominio das características masculinas, as características femininas son apreciables dende unha primeira ollada. Gravado na parte externa da pel observamos distintos identificativos, o máis novo de cor dourada, pero uns anteriores a toda cor e con distintos números.

• **Signos indicativos do medio no que permaneceu o cadáver:** é indubidable a permanencia durante largo tempo nun contorno de belas artes, aínda que nunha zona radical, que presenta un achegamento, cremos que pouco común, cara á banda deseñada.

• **Signos indicativos da data da morte:** o cadáver presenta unha evidente rixidez, buscando un sitio entre o que se denomina agora novela gráfica, pero aínda non presenta signos de putrefacción evidentes, nin anda preto da momificación; é estrañamente fresca a sensación que atopamos cando botamos unha rápida mirada ás páxinas.



Capa do número 3 do Fanzine Enfermo, a cargo de Lola Lorente.

O cadáver non presenta ningún signo evidente de violencia nin marcas que poidan ser a causa da morte. En cambio podemos apreciar síntomas claros de inanición, aínda que non podemos determinar que a causa da morte proveña deste feito.

Exame interno

• **Cranio:** non podemos apreciar nas cubertas coleccións hemáticas nin feridas, e as bóvedas non presentan fracturas nin fisuras. Nas meninxes, non obstante, atopamos unha perda continua, debido a unha hemorragia subdural na altura do conduto «**Daniel García**». Nunha demorada análise do cerebro atopamos unha deformación na área de «**Jorge Parras**», zona onde se atopa a normalidade moral: observamos que os sucos son máis profundos que o normal; quizais é todo debido a unha infección na base, aparentemente causada polo moi orgánico virus «**Félix Díaz**».

• **Tórax:** no plano óseo a costela «**Brais**» está rota en sete puntos consecutivos cunha fractura estrañamente *bizarra*. Pero casualmente non chegou a afectar os pulmóns, onde atopamos unha colonia dos complicados e á vez simples fungos «**Jano**». No pericardio, na vea «**Luis Demano**», atopamos unha inflamación narrativa, e o corazón ten todas



Portada de Enfermo, editado por Astiberri.

as características que definen a enfermidade psicoconxénita «**Alberto Vázquez**».

- **Abdome:** en canto ó estómago, e pese ós síntomas de inanición, atopamos restos dunha comida elaborada polo antigo gourmet «**Pau Masiques**». No fígado unha «**Miguel Porto**» aguda deixa as liñas moi claras. O páncreas perde toda a súa capacidade por unha simplificación «**Ivan Brunetti**», namentres que no intestino toda a flora intestinal esta afectada por unha bacteria «**Martín Romero**». O bazo é disfuncional debido á liña inquieta de «**Carlos Maiques**». Os riles presentan síntomas claros de alcoholismo, dun alcohol forte como o que vende «**David Rubín**»; entón a vexiga sofre ó estar reprimido o conduto «**Fermín Solís**».

- **Xenitais femininos:** estes presentan un desenvolvemento en tres partes diferenciadas polas cavidades «**Lola Lorente**», «**Luci Gutiérrez**» e «**Clara-Tanit**»; quizais poderíamos falar de que este é un dos primeiros casos da aparición de máis dun único caso destes síntomas, e ademais as súas repeticións aparecen como creacións naturais e independentes, non predeterminadas no medio.

- **Membros:** unha das extremidades inferiores non está totalmente desenvolvida, síndrome de «**Sascha Hommer**».

Consideracións médico-forenses

Enfermo estaba predestinado a morrer; a cantidade de defectos e enfermidades adquiridas facían supoñer que nunca pasaría da infancia; como moito, que vivise os primeiros anos da súa adolescencia. Pese a todo, seguramente os primeiros anos da súa vida foron brillantes e cheos de vida, como queda demostrado nas conclusións ás que se chegaron en Barcelona no ano 2008. É recoñecido que a súa existencia seguramente fose escura, e, aínda que pareza estraño, todas as enfermidades fosen adquiridas de forma




Ilustración de Félix Díaz para a promoción do tomo recopilatorio Enfermo.

voluntaria nunha busca para liberar todas endorfinas necesarias para compatibilizar a estabilidade coa mobilidade. Ata poderíamos concluír que incluso as defectos conxénitos foron preconcebidos.

Conclusións médico-legais

A morte foi debida a causas naturais; de feito, a causa inmediata foi a madurez de todas as enfermidades contidas nese cadáver. Isto vén derivado dunha causa fundamental: a súa morte foi predeterminada polo seu nacemento existencialista e efémero. A súa brillantez provocou que o seu lume se esgotase ó pouco, e que a súa validez vital fose breve. E así, como unha estrela fugaz, debe ser recordado.



Viñetas da BD «Días de vino y rosas», a cargo de Martín Romero.

Miguel Brieva,

diagnóstico social con ferramentas de mecánico

ARTURO LOSADA

O primeiro que un lector debe ter en conta para achegarse ao traballo de **Miguel Brieva** é que **Miguel Brieva** está tolo. Non no sentido de que a sanidade pública teña que lle facilitar medicamentos para que poida comportarse ante os demais (polo menos, non que eu saiba), pero si porque a súa ollada non ten nada que ver co que nós, xente de a pé da sociedade de consumo, consideramos como «normal». Con enganosa sinxeleza, é quen de pór patas arriba o discurso, a moral e as certezas deste noso mundo, empregando

a ironía como desapareafusador e o absurdo como chave inglesa, deixando os seus lectores presuntamente cordos cunha sensación entre o riso e o malestar estomacal.

Este sevillano de 35 anos ten moi claro que a maioría, se non todo, o que nos contan a publicidade, os medios de comunicación, os nosos pais, xefes e avoas son parvadas de talle grande, pero a pesar de todo asumímolo coma dogmas. Incapaz de quedar impasible ante tan grave erro, asume que

o seu traballo é denunciado como mellor sabe, con debuxos e letras sobre un papel. «Interésanme todas as formas de arte, pero, por preguiza, ao final acabo por practicar só as que se me dan ben», ten declarado nalgunha entrevista.

Nesta permanente desmitificación na que anda metido, **Brieva** vaticina que no futuro os nenos lerán libros sobre terroristas islámicos igual que hoxe o fan cos de piratas do caribe. Imaxina peixes intelixentes, que coidan de humanos metidos dentro dunha caixa de cristal, aos que non lles poden dar moito de comer, porque co superávit montarían unha economía insostible e acabarían por autodestruirse. Pensa no mercado de valores como unha feira de barrio na que se relea con billetes de cores en vez de con roupa falsificada: «*Póngame diez mil millones de estos azules*». Da súa mente e o seu lapis saen talibáns xigantes que arrasan Brooklyn cun pau tamén xigante, campañas de publicidade para vender peluxe do chan, conflitos persoais resoltos coa espectacularidade dun *reality-show* ou cidadáns felices «y punto» pese a estar encadeados a un sistema financeiro terrible. Fantasías tan cómicas como inquietantes.

Amosoulle ao mundo as moitas ganas que tiña de rirse del a finais dos 90, nun fanzine, como é habitual para os debutantes. Porén, en vez de buscar un que xa estivera en marcha, a **Brieva** deulle por sacalo el só, autoeditándose e correndo cos gastos, nova proba tanxible da súa tolemia. Así naceu a revista **Dinero** («*el mejor amigo del hombre*») e chegou aos cinco números alimentada polo estraño estilo que caracteriza a este autor, que vén ser algo así como o fillo dun debuxante publicitario estadounidense dos anos 50 e un pintor surrealista con tendencias alucinatorias. Brutal e satírica, **Dinero** causou unha grata sorpresa, co seu discurso tan afastado do que o autor define como «a mansedume dos medios», e non tardou moito tempo en gañar seguidores nun número nunca contabilizado pero suficiente como para que publicacións de contrastada seriedade, polo menos en canto a pagamentos, comezasen a chamar á porta do señor **Brieva**.

Mondadori, unha editorial á que non se lle coñecen moitos romances con isto da novena arte, publicou un fermoso tomo cos cinco números aos que chegou **Dinero**, e lonxe de escarmentar, seguiu con máis traballos deste experto en demolicións morais, como **El otro mundo** ou a **Enciclopedia Clísmon**. **Bienvenido al mundo**, que se poden mercar en librerías onde os cómics só entran con escolta. A súa aceda *vis cómica* escavou tamén un lugar en **Cinemanía**, **Ajoblanco**, **Rolling Stone**, **El País de las Tentaciones**, **La Vanguardia** ou **Mondo Brutto**, e serviulle para pasar a formar parte do cadro de persoal da revista **El Jueves**, ou o que é o mesmo, para ser un dos contados humoristas gráficos con nómina a fin de mes que existen na Península Ibérica. Ten confesado que el foi o primeiro sorprendido por tanto éxito, pero, vendo como se manexa nos chistes dunha





soa viñeta, non cabe dúbida que está no lugar axeitado. Conta ademais cun público que mesmo se lle volveu fiel, en demostración de que non é **Brieva** o único tolo que anda solto.

Se quixeramos poñerlle unha etiqueta a este sevillano con máis surrealismo que chanza (e se el se deixase, cousa improbable) sería a de humorista gráfico a que mellor lle acaería. As viñetas soltas, xa se dixo, son o seu, ás veces baseadas no gag clásico e as veces nunha linguaxe publicitaria perversa que non busca vender, senón facer pensar.

Fai dos textos un arma ben afiada de ironía, a miúdo emprega palabras grandilocuentes nacidas dos peores discursos políticos para presentar os temas máis absurdos, ou aplica a fascinación hipnótica e cutre da publicidade a conceptos que a priori son noxentos. Outras veces recorre directamente a desenvolvementos case poéticos, pero que sempre deixan clara cal é a estupidez social que están a azoutar, nunha estraña combinación entre salvasmo e sutileza.

Ese binomio contradictorio marca tamén o estilo de debuxo de **Brieva**. Se o describimos só con palabras, é colorido e vistoso, rico en detalles de composicións ben medidas segundo os canons clásicos, como clásica é tamén a súa representación da figura humana, case sempre protagonista da viñeta, e cunha estética que remite claramente, como xa se dixo, á publicidade dos felices anos 50 norteamericanos, fonte de alimentación de boa parte da cultura pop actual. Pinta

o autor xente sa, feliz e ben proporcionada, con cortes de pelo caros e afeitados a navalla, limpos e ben vestidos. Nada sospeitoso, en aparencia, pero algo hai no xeito en que o autor baralla estes elementos, que tanta fermosura de modistos e ximnasiaos se ve baleira, e a tan cacarexada felicidade soa tan falsa como o xesto mecánico de desexarlle bos días a un taxista do que sospeitamos que nos estafou na carreira. É unha sensación difícil de sinalar, pero ao mesmo tempo, inequívoca. Un anuncio de que a perfección e a marabilla que se venden por catálogo son sempre máis caras do que pagamos por elas.

Nas ocasións nas que este observador social recorre á narración secuencial de imaxes, case sempre en tiras breves na centenaria tradición do cómic de prensa, adoita ser para presentar unha situación e desmontala de seguido, ou para xustapoñer estampas que crean un forte contraste, habitualmente por estaren sacadas de extremos distintos do universo.

Cabe destacar o que foi ata o de agora o seu proxecto máis ambicioso, a **Enciclopedia Clismon**, na que reforza as súas estampas dunha soa viñeta con definicións moi honestas de toda clase de conceptos mundanos e esotéricos («*Soledad: intensa sensación de pertenencia a un colectivo del que uno es el único miembro*»). É un compendio sobre a estupidez humana, no que o autor condensa toda a súa filosofía persoal, unha lectura na que hai moito que aprender, porque, ao final, aínda que **Miguel Brieva** estea tolo, o mundo que o rodea está máis tolo ca el.



BOA PERSOA







cosme











Juanjo Sáez:

azoute da modernidade?

CLAUDIA NEIRA


Hai unha verdade indiscutible: os lugares marcan as persoas. É unha ligazón que se forxa desde o nacemento e que, ao medrar, adoita rematar nunha bonita historia de amor (alentada pola morriña)... ou en traxedia. No caso de **Juanjo Sáez** e Barcelona, cidade que o criou e o formou como debuxante, a súa relación defínese, polo menos nos seus inicios, dentro dos termos dunha sátira emocional. Poderíase dicir incluso que os seus primeiros debuxos son un ataque directo contra aquilo que máis ama: a arte, a música, Barcelona (por poñer só tres exemplos). Primeiro desde o fanzine **Círculo Primi-genio**, editado mentres estudaba na Escola Massana, e despois desde as páxinas da **Rock de Lux** e da revista **Punto H**, **Juanjo Sáez** non tivo reparo en lanzar o seu lapis ben afiado contra grupos musicais (de moda), contra deseñadores (de moda ou que estaban de moda) e contra todo tipo de tendencias (do mundo **moderno**). Brancos fáciles para alguén que viviu desde dentro a eclisión da Barcelona **cool** de finais do século XX.

Foi precisamente esa mala uva, concentrada e fermentada en **Vivendo del cuento** (Mondadori, 2005), a que lle valeu o

Prancha do libro *El Arte, conversaciones imaginarias con mi madre.*



CUMPLEAÑOS TOTAL



Unha das páxinas do libreto para Principios básicos de astronomía, de *Los Planetas*.

recoñecemento como debuxante máis aló das fronteiras barcelonesas, o Premio Junceda que outorga a Asociación Profesional de Ilustradores de Cataluña e certa repercusión mediática por poñer as súas vítimas con nomes e apelidos. Un libro no que repasaba dez anos de profesión facendo rodar cabezas, e cubrindo a súa acidez de viñetas con borróns, faltas de ortografía e un estilo minimalista que se move nos límites do debuxo infantil, pero que non chega a darlle un toque doce ás súas páxinas. Segundo el mesmo ten explicado, o trazo simple é unha forma de buscar a complicidade do espectador, dicirlle «isto faino calquera» para que se sinta identificado, pero sobre todo para que a ninguén se lle escape a mensaxe. Por este motivo, lendo as súas tiras un ten a sensación moitas veces de que hai textos que simplemente están aí para explicar o debuxo (ou viceversa) como nos diagramas de anatomía.

O barcelonés seguiu explorando este particular estilo **didáctico** en **El Arte, conversaciones imaginarias con mi madre** (tamén en Mondadori), libro publicado un ano despois de decapitar o mundo moderno e gañarse a etiqueta de provocador. Interpretando o papel de cicerone para explicarnos que é para el a Arte, con maiúscula, **Juanjo Sáez** elabora un percorrido máis emocional que erudito sobre autores, movementos e conceptos artísticos. E segue exercendo de francotirador, desta vez contra os intelectuais que se apropiaron da arte coa intención de facela especial tan só polo feito de convertela en inaccesible, unha idea que resume de forma exemplar nunha das viñetas publicadas baixo o lema '**El Garabato**' en **El Periódico de Catalunya**, na que un cadro abstracto lle solta a un desconcertado espectador: «Yo, ARTE. Tú, idiota». Contra todos eles emprega ademais da burla unha argumentación sostida por anécdotas e episodios de carácter autobiográfico que presentan a Arte como experiencia íntima e emocional, e para os que **Juanjo Sáez** garda os coitelos a favor dun ton máis amable, case agarimoso.

Esta vía intimista continuou na tira '**Hit emocional**' da **Rock de Lux**, na que con maior ou menor acerto buscaba transmitir en viñetas o que sente ao escoitar unha canción. O cume desta explora-




A los pocos días ya se estaba haciendo todo lo necesario para RODAR el VIDEO CLIP

Yo me puse a dibujar como un loco lo que iba a ser los decorados donde transcurriría la acción.



Dibujé una casa entera por dentro en pequeño... Después las chicas de Dirección artística se ocuparon en construirlo

todo a tamaño REAL.



Viñetas de Viviendo del cuento.

ción do cómic como expresión de sensacións musicais chegou este verán con **Principios básicos de astronomía**, un cómic publicado por Sony como parte da edición limitada (libro + CD + DVD) do grupo **Los Planetas**, símbolo e buque insignia para toda unha xeración de seguidores do pop independente español. As 48 páxinas, coloreadas pola súa moza **Vanessa Cabrera** (coa que forma equipo creativo desde a fundación do estudio de deseño Familiares de Juanjo Sáez), son «interpretacións, recordos e experiencias» a partir das cancións do grupo granadino, nas que mestura sen tregua anacos de historia persoal, recreacións poéticas máis ou menos atinadas e pingas de burla amable —por exemplo, coa tantas veces inintelixible forma de cantar de J.—, feitas por alguén que declara desde a primeira páxina: «**Los Planetas** foron e son un dos meus grupos favoritos». Un agasallo dun fan para o resto de fans (de **Juanjo Sáez** e de **Los Planetas**).

Á marxe destes tres libros, **Juanjo Sáez** ten feito milleiros de cousas máis só con lapis e papel: desde *flyers* para clubs e discotecas de Barcelona, que lle abriron as portas como deseñador, ata campañas publicitarias para marcas tan coñe-


cidas como Diesel, San Miguel ou Nike. Con esta última gañou varios premios internacionais no Festival de Publicidade de Cannes e no de Sebastián. Como autor de cómic, e aínda que el pense que no mundo da banda deseñada é visto «un pouco como un intruso», **Juanjo Sáez** xa foi como autor convidado a festivais como Angoulême e Viñetas desde o Atlántico, e o seu libro **El Arte...** xa está traducido en Francia e Italia. A lista de cousas que ten feito continúa con traballos de ilustración para todo tipo de libros, discos, carteis e deseño de exposicións, ao que agora suma tamén a creación dunha serie de animación, **Arròs Covat** («Arroz pasado») que se estreou na web da TV3 (Televisió de Catalunya) a mediados de setembro.

Ademais, **Juanjo Sáez** prepara un terceiro libro no que recollerá as tiras que foron aparecendo en xornais como **El Mundo** e **El Periódico de Catalunya**, e no que esta vez parece disposto tamén a cravar-se o lapis a si mesmo. Polo que adianta a páxina de fans de **Juanjo Sáez** no Facebook, o material xa publicado irá acom-


pañado de viñetas nas que o barcelonés reflexiona sobre a súa forma e traballar, o seu carácter e a súa evolución como debuxante. Para un autor tan prolífico, que define o que fai como «ocórrense cousas e despois as debuxo», as recompilacións parecen case unha obriga, non só porque resulta moi difícil seguirlle a pista, senón porque así consegue salvar os seus debuxos do destino tráxico que sofren as páxinas dos periódicos: acabar no lixo, ou no mellor dos casos, servir para limpar cristais.



Secuencia tomada do libro Yo.





Carlos Arriaga
09







AVENTURAS DUN OFICINISTA XAPONÉS




POR JOSÉ DOMINGO











FIN

PREMIO OURENSE DE BD Á MELLOR INICIATIVA

EL PATITO EDITORIAL



O trofeo do Premio, deseñado ex profeso para cada edición por Manolo Figueiras.

O **Premio Ourense de BD**, que é outorgado anualmente pola **Casa da Xuventude de Ourense** e mais a **Concellaría de Cultura do Concello de Ourense** para distinguir as máis importantes iniciativas e traxectorias dentro do panorama da banda deseñada galega, recae este ano 2009 en **El Patito Editorial**, polo seu labor na publicación de cómic e por dar nel especial cabida aos autores galegos e á edición en lingua galega, aínda que sen se pechar a outros autores e linguas.

Nacido en outubro de 2007, o proxecto **El Patito Editorial** está dirixido por **Gemma Sesar** e **Fausto Isorna** (que xa recibiu o **Premio Ourense** en 1996 pola


súa traxectoria na BD galega), e ten como obxectivos principais publicar autores galegos, tanto en galego como en castelán; recuperar as obras clásicas da BD galega, e, ademais, publicar obras de autores españois e internacionais.

No seu catálogo figuran, así, recuperacións de clásicos como **Dudi**, e recompilacións da obra dispersa de autores como **Primitivo Marcos**, **Norberto Fernández**, **Fran Bueno** ou **Emma Ríos**. Entre as súas publicacións están tamén os dous últimos premios Castelao de BD, **Aventuras de Cacauequi (edición anotada)**, de **Jacobo Fernández Serrano**, e **Mensaxes**, de **Mariano Casas**.

Ademais, é intención dos editores traducir toda a obra de **Miguelanxo Prado** a galego —idioma en que, paradoxalmente, só foi editado de forma excepcional—, e comezaron recuperando a súa primeira obra profesional, **Os compañeiros: A orde da pedra** (con guión de **Tino Fernández Maceiras**), publicada por entregas no diario **La Voz de Galicia** a principios dos oitenta, e vertendo a galego o seu relato ilustrado **De Profundis**, baseado no seu filme de animación. Esta é outra das vertentes da editora, a dos libros de ilustración, con títulos como **Cidades de papel**, de **David Pintor**, e os volumes **15 anos de cubertas para a Sala NASA** e **Golfiño en portada**, de **Fausto Isorna**. Os títulos dedicados a autores non galegos comezaron con **Doctor Mortis** e **Estampas malignas**, do recentemente falecido clásico catalán **Alfons Figueras**, e está anunciada a publicación de **Peter Petrake**, do alacantino **Miguel Calatayud**.

Son ademais promotores da revista **Galimatías**, que se distribúe quincenalmente en Galicia cos xornais **El Correo**

e **Gallego** e **El Mundo** desde abril deste ano. **Galimatías** é unha revista dirixida ao público xuvenil, e aposta polas historias longas e de aventura. Nas súas páxinas teñen publicado **Emma Ríos**, **Fran Bueno**, **Alex Cal** e **Primitivo** e **Ramón Marcos**, entre outros.



Tamén comercializan en DVD o documental **35 anos de historieta galega**, dirixido polos propios promotores de **El Patito**.

O **Premio Ourense de BD** chega así á súa vixésima edición. Até o de agora, foron galardoados co **Premio Xaquín Marín**, **Agustín Fernández Paz**, **Edicións Xerais**,



Miguelanxo Prado, **A Nosa Terra**, o equipo creativo de «A Familia Perpetua» (**Carvalho**, **Héitor** e **Robledo**), a **Deputación da Coruña**, a **Biblioteca Club 33 de Santiago**, **Fausto Isorna**, o programa **Xabarán Club**, o **Festival Viñetas** desde o **Atlántico**, **Fran Jaraba**, a **Deputación de Lugo**, o **Consello da Cultura Galega**, a revista **Golfiño**, **Pepe Carreiro**, o **Colexio de Arquitectos de Galicia**, a revista **BD Banda**, a **Librería Paz**, o **Colectivo Pola-gia** e o **Sistema de Bibliotecas Municipais da Coruña**.

<http://www.elpatitoeditorial.com>

SUPER





O cartel das Xornadas Martín Romero

Tras a agradable paréntese do ano pasado (o dobre póster de **Guitián**), retomamos a tradición de lle encargar o cartel das **Xornadas** ao gañador da edición anterior do certame GZcrea. Nesta ocasión, a encomenda foi parar a **Martín Romero** (Boiro, 1981), un dos debuxantes galegos que máis rebumbio leva provocando nos últimos anos no panorama da BD estatal.

Martín vén de instalarse en Compostela tras pasar uns anos residindo en Barcelona, onde estudou o ciclo superior de ilustración da

prestixiosa Escola Massana e se foi facendo un nome na escena local (con varias exhibicións en **El Garaje**). Ademais de terse autopublicado el mesmo os seus propios cómics (en cabeceiras como **Cabezudo** ou **La Ratonera**), contribuíu co seu particular estilo, medio escuro, medio naif, nunha chea de fanzines, entre os que destacarían **Gagarin**, **Bang**, **Lunettes**, **Carne Líquida**, **Argh!** ou o mesmo **Fanzine Enfermo** —ao que lle dedicamos exposición nesta mesma edición das **Xornadas**—, o que lle abriu as portas a colaborar



Unha ilustración de Martín Romero para a exposición virtual *Darwin + Poe*, da AGPI

como ilustrador en revistas nacionais (**Rolling Stone**, **Vanidad**) e internacionais (**Vice**).

O seu traballo máis difundido ata agora son os desenhos, portadas e ilustracións que fai para os discos de **The New Raemon**: un universo visual que combina de marabilla coas cancións do cantautor catalán. Habería que lembrar tamén a súa faceta de macabro humorista gráfico, que se pode seguir regularmente no seu blog.

Romero leva recollidos diversos galardóns importantes, entre os que destacaría a fazaña de ser dobremente laureado na edición de 2007 do concurso do **Injuve**: un accésit na categoría de Ilustración e un dos premios na de Cómico. O seu último triunfo foi o de reci-

bir a bolsa Alhódiga Bilbao para novos creadores, que o levará a residir un ano na **Maison des Auteurs** de Angulema. Agardamos que aproveite esta estada para preparar a súa primeira novela gráfica, xa que como creador semella maduro abondo para dar o salta ás historias longas.



Viñeta da BD «O home do saco», gañadora do GZcrea 2008.

<http://www.martinromero-dibuja.blogspot.com>

